

O concepto de alienación en Marx:

Os *Manuscritos* céntranse na **alienación do traballador** na sociedade capitalista. É no **traballo** onde o home, en principio, debería realizarse como home, realizar o seu **ser xenérico**. Pero nas condicións de **explotación** da sociedade burguesa capitalista sucede o contrario: o traballador non se realiza na súa actividade produtiva, senón que nela o home degrádase, aliénase, anula a súa humanidade.

Marx analizará a **alienación humana** dende varias perspectivas. Centrarémonos na análise da **alienación económica** que sufren os traballadores. Algunhas das dimensións que adquire o concepto de alienación económica en Marx son:

a) Alienación respecto do produto do traballo: O produtor (o traballador) perde o produto do seu traballo, xa que non lle pertence a el, senón a outro, ao propietario dos medios de produción, o burgués capitalista. O produtor vése desposuído, expropiado do produto do seu traballo. Así, o resultado do seu propio traballo aparece ante os ollos do traballador “como un ser estrano, como un poder independente”, que el non posúe nin domina, pero que pasa a dominalo a el. O suxeito queda baixo o dominio do obxecto. O obreiro sométese ao mundo de obxectos-mercancías que el mesmo creou.

b) Alienación da súa propia actividade produtiva: Pero o produtor non só se ve expropiado do produto do seu traballo, senón que incluso a propia actividade produtiva, o seu traballo, non lle pertence a el, senón a outro. Cando o traballador traballa, non o fai para el, o seu traballo é traballo para outro. “Para o traballador amósase a *exterioridade do traballo* en que este non é seu, senón de outro, en que non lle pertence, en que cando está nel non se pertence a se mesmo, senón a outro.” Ademais, no traballo o obreiro non se realiza como persoa, non se humaniza, máis ben deshumanízase, degrada a súa humanidade ao rebaixar o seu traballo ao nivel dunha mercancía que se vende e se compra (***cosificación* ou *reificación***).

c) Alienación respecto aos demais homes: O home é capaz de traballar non só para se mesmo e as súas propias necesidades, senón tamén para os demais e para a transformación do mundo. Esta é a dimensión social do traballo humano. Pero o traballo alienado suprime todas as relacións cooperativas da produción humana: de tal modo, que as relacións humanas no traballo convértense no capitalismo en relacións, non de colaboración, senón de explotación duns homes por outros, e incluso de competitividade entre os propios obreiros.

d) Alienación respecto da natureza: O home aliena, perde, enaxena a propia natureza, que, de ser “*o corpo inorgánico do home*”, pasa a converterse en algo alleo, estrano ante os ollos do traballador. Algo que non é seu, senón de outro, que serve ao interese do propietario dos medios de produción e que priva ao traballador dun espazo natural humanizado. Pero esta enaxenación da natureza revirte tamén negativamente sobre o propio traballo humano que pasa a ser visto polo obreiro como un simple medio de subsistencia, e non como unha actividade propia do xénero humano. Consecuentemente, desaparece a diferenza entre o traballo humano e as actividades dos animais en e sobre a natureza.

“Como quiera que el trabajo enajenado (1) convierte a la naturaleza en algo ajeno al hombre, (2) lo hace ajeno de sí mismo, de su propia función activa, de su actividad vital, también hace del género algo ajeno al hombre; hace que para él la vida genérica se convierta en medio de la vida individual. En primer lugar, hace extrañas entre sí la vida genérica y la vida individual, en segundo término, convierte a la primera, en abstracta, en fin de la última, igualmente en su forma extrañada y abstracta. Pues, en primer término, el trabajo, la actividad vital, la vida productiva misma, aparece ante el hombre sólo como un medio para la satisfacción de una necesidad, de la necesidad de mantener la existencia física. La vida productiva es, sin embargo, la vida genérica. Es la vida que crea vida. En la forma de la actividad vital reside el carácter dado de una especie, su carácter genérico, y la actividad libre, consciente, es el carácter genérico del hombre. La vida misma aparece sólo como medio de vida.”

(Marx. Manuscritos de economía y filosofía)

Superación, eliminación da alienación.

Marx establece unha relación directa entre a existencia da **propiedade privada** e a alienación. Por iso, só o **comunismo**, entendido como a **supresión da propiedade privada dos medios de produción**, permitirá a eliminación de todo tipo de alienación e a humanización do home. A abolición da propiedade privada deixará paso á **socialización dos medios de produción** (isto é, a apropiación da maquinaria e da industria por parte dos propios traballadores). Ao abolir a propiedade privada dos medios de produción desaparecerían os antagonismos de clase e instauraríanse unhas novas relacións de produción baseadas na cooperación e non na explotación.

“O comunismo como superación positiva da propiedade privada en canto *autoestranamento* do home e por iso como apropiación real da esencia humana por e para o home; por iso, como o retorno do home para se mesmo en canto home social, é decir, retorno pleno, consciente e efectuado dentro de toda a riqueza da evolución humana ate o presente. O comunismo é o momento real necesario na evolución histórica inmediata da emancipación e recuperación humana.”

(Marx. Manuscritos de economía e filosofía)